



A TRANSICIÓN ENTRE AS ETAPAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA

O tránsito da Educación Primaria á Educación Secundaria é un momento importante e fundamental para a maioría dos nosos rapaces e rapazas, que en moitos casos pode ser o desencadeante de inferiores resultados académicos, fracaso escolar, actitudes de integración e problemas de conduta.

É preciso procurar que esta transición se faga sen custo engadido. O paso a Secundaria supón un cambio de etapa e pode ser unha fonte de ansiedade



por medo ao descoñecido tanto para o alumnado como para as súas familias. O pai e a nai teñen dúbidas e preocúpanse polo paso que van dar os seus fillos e fillas: *"Deixarase levar polas malas influencias no instituto? Con rapaces maiores, será máis sinxelo que acceda ás drogas? Poderá asumir as responsabilidades e esixencias de estudar ESO?"*.

O papel das familias durante o primeiro ano de Secundaria non debe quedar relegado á mera observación, senón que debe ser activo e participativo, dentro da independencia que se lle debe dar ao rapaz/a.

CAMBIOS, CAMBIOS E MÁIS CAMBIOS

Os nenos e nenas con 11 ou 12 anos que chegan aos centros de secundaria proveñen dunha estrutura baseada na titoría e chegan a outra que está organizada por Departamentos (de

lingua, de ciencias, etc.). Éste é só un dos moitos cambios que teñen que afrontar:

- Cambio de instalacións, novos espazos, menos controlados, máis abertos e pouco pensados para a escolarización obrigatoria. Polo tanto, hai unha **maior autonomía e, en consecuencia, maior responsabilidade** e autocontrol.

- Pasan a ser extranos nun novo ambiente, os “pequenos” nun novo centro onde deben convivir con estudantes de ata 18 anos.



- **Novas normas, máis ríxidas.** Os Regulamentos dos centros de secundaria son cada vez máis parecidos a códigos penais por algunhas situacións puntuais, pero delicadas, que teñen que afrontar.

- **Aumento do horario lectivo.** Non se pode ter en conta os horarios dos rapaces e rapazas con relación ás horas de maior rendemento e de maior cansancio.

- **Cúmulo de asignaturas e maior número de profesorado** o que dificulta que cada profesor/a coñeza a

cada un dos seus alumnos/as, os sinta próximos e traballe día a día. Ademais o traballo e rendemento do alumnado debe ser máis intenso que na etapa anterior.

- Tende a **diminuir o**

autoconcepto como resultado dun novo ambiente moito máis esixente.



- **Nova estrutura de relacións entre alumnado e profesorado:** hai un maior anonimato, non hai a mesma atención individualizada. Este anonimato pode potenciar o illamento e con el, as condutas antisociais e/ou agresivas.



Nestas idades, ademais, está por terminar a infancia e comezan as primeiras sinais dunha **pubertade temperá**. O neno ou nena síntese inseguro nesta etapa e en terra de

ninguén; xa non é un neno/a pero tampouco é un adulto.

Comeza un periodo de desenvolvemento tanto físico como intelectual importante. É unha idade chea de **cambios rápidos no seu estado emocional**, de mal xenio (poden pasar da tristeza absoluta á ledicia desbordante sen saber moi ben porqué), e gran necesidade de privacidade. É unha época de **maior conflito cos pais:**

- Rexeita ás veces as mostras de afecto aínda que as segue precisando.
- Experimentan un desexo de tomar as súas propias decisións (como parte do proceso de búsqueda da propia identidade) e de rebelarse contra as normas e límites dos pais, aínda que os seguen necesitando.



Nesta idade empezan a percibir a realidade de forma máis profunda e obxectiva. Fíxanse moito nas características físicas da xente que os rodea, especialmente dos compañeiros e compañeiras. É frecuente unha **gran preocupación** cos problemas de peso, altura e **aspecto físico** en xeral.



Tamén poden estar moi absortos en si mesmos; poden crer que son as únicas persoas no mundo que se sinten como el ou ela e que ninguén os pode comprender, especialmente a súa familia. Hai unha tendencia ao **egocentrismo**. Buscan a aprobación social dos iguais

Gústalles destacar, ser os mellores no deporte, os máis intelixentes,... de aí a súa loita por destacar ou ser os mellores e impedir que os seus iguais fagan o mesmo.

Están nunha idade na que non lle dan **ningunha importancia aos fracasos escolares**, polo que moitos nenos e nenas cando sacan malas notas están tranquilos/as. Isto depende en gran medida da importancia que a familia lle da aos estudos.

Son **moi inquietos** e tenden a estar en constante actividade, polo que **precisan durmir máis**. É difícil concentrarse para eles/as o que ten implicacións no ámbito académico.

Empeza unha fase moi importante no proceso de formación de **identidade**, na que consideran quen son e quen queren chegar a ser.

QUE PODE FACER A FAMILIA?



- Manter un contacto fluído co titor ou titora do noso fillo/a. Este contacto permitirá aos pais coñecer a evolución do estudante no centro e informar ao titor/a de calquera problema que se detecte na casa.
- **Comunicarse cos fillos e fillas** durante esta etapa é fundamental para o seu bo desenvolvemento e para transmitirles a seguridade que precisan nestas idades nas que o seu grao de liberdade aumenta pero tamén o de responsabilidade.
- **Facilitarles o estudo proporcionándolles unha planificación e un lugar tranquilo** que favoreza a concentración, que adquiran dende o principio uns bos hábitos de estudo nesta etapa na que o esforzo debe ser maior que en primaria.
- Explicarlle que terá máis asignaturas, polo que a súa planificación do estudo ten que



ser diferente aos cursos anteriores, sen que supoña facer desaparecer o tempo de ocio.

- **Motívalo e valorar o esforzo realizado** durante un trimestre ou nun exame concreto axudará a que sinta que o traballo merece a pena; do mesmo xeito, é importante ser positivo ante un fracaso académico e buscar solucións antes que sancións.
- **Coidar a súa alimentación e os seus hábitos de sono** para que o rendemento académico sexa satisfactorio; un bo descanso e un almorzo axeitado proporcionaralles as forzas para afrontar unha xornada escolar máis longa que noutros anos.
- Prestar atención a **síntomas de que o cambio lles está resultando difícil**, por exemplo: non ser capaz de organizarse para facer os deberes, non sabe nunca o que toca ao día seguinte,...
- Prestarlles máis atención á hora de facer os deberes, **adicarlles un pouco máis de tempo**, preguntarles que tal foi o día, amosarlles que estamos dispoñibles para calquera cousa que precisen, ...
- **Axudarlle a comprender** que está atravesando unha etapa de moitos e grandes cambios. Manter a comunicación é fundamental. Podemos falarlles da nosa propia experiencia e tranquilizar ao noso fillo ou filla



explicándolle que os cambios que experimenta durante a pubertade, aínda que producen algo de ansiedade, son unha parte normal de medrar.

- Sempre que sexa posible, hai que respectar as opinións do neno/a e ter en conta as súas ideas, suxestións e sentimentos. É importante que se **sinta escoitado/a**.
- Enfatizar os seus talentos máis que os seus puntos febles e **NON FACER COMPARACIÓNS COS DEMAIS**.
- Sería recomendable **planificar, polo menos, 15 minutos diarios cos rapaces e rapazas** para ver e falar de cómo vai todo. Debemos aclarar que estamos dispostos a escoitar e a falar sobre as súas experiencias, tanto positivas como negativas, incluso de temas coma o sexo, alcohol, tabaco,...

